



### *Disposición final*

A modificación da presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data 04 de novembro de 2010, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partires do día 1 de xaneiro de 2.011, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Na Illa de Arousa, a 27 de decembro de 2010.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. 2010013681

\* \* \*

## MOAÑA

### A N U N C I O

*Anuncio de aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por instalacións, postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do Concello de Moaña.*

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de novembro de 2010, polo que se aprobaba inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por instalacións, postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do Concello de Moaña, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procédese a publicación do texto dos artigos modificados na citada ordenanza:

#### *ARTIGO 7. PERCEPCIÓN. (DEROGADO).*

#### *ARTIGO 8º. LIQUIDACIÓN*

— Cando se trate de utilizacións ou aproveitamentos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

— Cando se trate de utilizacións ou aproveitamentos de retribución periódica o devengo e a liquidación da taxa producirase o primeiro día de cada trimestre natural. O período impositivo coincidirá con tales trimestres. Nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, o período impositivo axustarase a esa circunstancia, co conseguinte prorrato por meses da cuota, incluíndose aquel no que se produza a alta ou a baixa.

— Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

#### *ARTIGO 9º. INGRESO*

O pagamento desta taxa realizarase:

— Cando se trate de utilizacións ou aproveitamentos puntuais, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen, aplicándose os prazos de ingreso previstos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.



— Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón. O prazo de ingreso en período voluntario irá dende o día 1 do segundo mes de cada trimestre natural ata o fin de tal trimestre.

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2011.

Moaña. 23 de decembro de 2010.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero.

2010013678

### A N U N C I O

*Anuncio de aprobación definitiva da modificación da ordenanza municipal de venda ambulante do Concello de Moaña.*

Elevado a definitivo por non terse presentado reclamacións no período de exposición pública, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de novembro de 2010, polo que se aprobaba inicialmente a modificación da Ordenanza municipal de venda ambulante no Concello de Moaña, e, en cumprimento do disposto na normativa vixente, procédese a publicación do texto da modificación introducida no parágrafo 3º do artigo 19 da ordenanza:

“3. O pago da taxa realizarase en recibos trimestrais.

Os titulares dos postos de venda ambulante para mercados periódicos, terán a obriga do pago da taxa para seguir exercendo a actividade según o artigo 16. En caso de incumplimento finalizado o período de pago trimestral extinguirase a autorización e procederase a iniciación para a baixa definitiva do posto sen prexuízo da débeda contraída polas semanas disfrutadas. O/a funcionario/a municipal terá a postestate suficiente para esixir o xustificante de pago antes de acceder ao lugar de celebración do mercado, impedindo o paso do titular con débedas tributarias. O posto será adxudicado a outro vendedor ambulante que cumpra os requisitos e se atope en lista de espera.

Os titulares de postos de venda ambulante eventual terán a obriga do pago das taxas antes de acceder ao lugar do mercado.”

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Moaña. 23 de decembro de 2010.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero.

2010013679

\* \* \*

### AS NEVES

### A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2010, o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2011 e a plantilla de persoal funcionario e laboral para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ó público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se coiden oportunas.

De conformidade con acordo adoptado o Orzamento considerase definitivamente aprobado, se durante o prazo establecido non se presentan reclamación ao mesmo.

As Neves, a 17 de decembro de 2010.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez.

2010013633